

Espazo Lectura, mellor Iniciativa Cultural ou de Fomento da Lectura na Iª Gala do Libro Galego

15/05/2016

|

Redacción



FOTO: ESPAZO LECTURA

A asociación Espazo Lectura, de Gondomar, foi recoñecida este sábado como mellor Iniciativa Cultural ou de Fomento da Lectura na Iª Gala do Libro Galego, celebrada no Teatro Principal de Santiago de Compostela convocada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Asociación Galega de Editores e a Federación de Librarias.

O xurado valorou o fomento da lectura a pé de rúa, no día a día e para todas as idades, e cunha progresión na intensidade de traballo notable en diversos ámbitos do proxecto.

Dende Espazo Lectura agradecen a todos os socios e socias, socios protectores e ao voluntariado pola lectura todo o apoio e horas de traballo dedicadas, co único interese de contribuír a crear sociedade lectora e, polo tanto, mellor sociedade.

Espazo Lectura é unha organización non gobernalmental fundada para o fomento e a animación á lectura en lingua galega. Organiza actividades sen ánimo de lucro relacionadas coa promoción lectora,

así como calquera outro tipo de iniciativas que teñan que ver coa promoción da lectura e do libro como referentes de benestar social e coa consideración do libro como elemento socializador, indispensable para elevar o nivel educativo, a conciencia crítica, a capacidade analítica e, en definitiva, a calidade de vida e o ocio das persoas.

Tags